



VI 1945

Hai un niño dunha melra
que lle quitaron os ovos
pá cena dunha espadela.
Ailalá...

- Non sabes o que é unha espadela?
- Sii. Era un baile deses que facíades antes (...)

VI 1960c

O piollo maila pulgha
iban no monte a rozar -e
alá vai o carrachiño
vaille levar ao xantar -e.

Os demos das costureiras
que andan por portas alleas
enghordan coma demonios
co pan das casas alleas.

VI 1819

María Manuela
a miña costureira
faime un mandil
daquela maneira
daquela maneira
María Manuela
miña costureira.

Zapatero oficio sucio
y sastre la pillería
sobre todos los oficios
viva la carpintería
viva la carpintería.

VI 630a

Moito me doe a cabeza
moito me doe o pescozo
de mirar cara o camiño
de mirar cara o camiño
a ver se vexo o meu mozo.

O can, o can,
o demo do can,
roelle as cirolas
ao meu cirolán
ao meu cirolán



ao meu cirolán
o can, o can,
o demo do can.

VI 79

Arruar van arruando
arruar van arruando
arrúa meu queridiño
a rúa vaise acabando.
Ailalá...

VI 75a

O que non canta nin baila
que vai facer á ruada
vai ter man do paredón -he
vai ter man de que non caia.

Ailalá...

Ai que demo de paxaro
onde foi poñelo niño
alí na casa do cura
alí naquel carballiño.

Ailalá...

(Aturuxo)

Carballeira derramada,
carballeira derramada.
Naquela carballeiriña
perdín a miña navalla,
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla.

O cura ten un paxaro...

- Aí! É un pateado.

O paxaro de María
anda nas miñas cereixas
come paxariño come
verémolas que me deixa.

Olé morena que bien te está
la saia blanca y el delantal.